

Amigas e amigos.

Co noso agradecemento a vostedes pola súa asistencia Edicións A Nosa Terra apresetálles este *Cartafol do Barbanza, viaxe polo cuadrante das sereas* da que é autor o escritor Antón Riveiro Coello e o fotógrafo [...]

Na súa estrutura, este libro tan fermoso e creativo na súa escrita oferecese-nos como unha viaxe ás terras contidas entre as rías de Arousa e a de Noia-Muros, unha viaxe ás vivencias coas que o noso autor, da man de Suso Paradela e os seus acompañantes, un fardel de amigos verdadeiros habitan esta realidade á procura das pegadas dos homes e mulleres que antes de nós habitaron estas mesmas terras: Lousame, Rianxo, Boiro, Ribeira, Porto do Son, que xunguidas polo Barbanza, alta e sagrada serra, a ollan ao Atlántico e que nos trae nomes como Tallara, Argalo, Lesende, Moimenta, Baroña, Corrubedo, Fruíme, nomes míticas ou sagrados ou simplemente fermosamente galegos.

Suso Paradela no seu narrar levanos a percorrer a paisaxe para nola dizer amorosa con palabras cheas de cálida e fermosa literatura.

Neste libro o noso autor lévanos á redescuberta das terras do Barbanza. Este libro, que segue ao xa publicado de Lois Diéguez, Martínez Oca e por Fernández Naval e Xulio Valcárcel, forma parte dunha colección de viaxes de Edicións A Nosa Terra, unha vella ilusión editorial que, libro a libro, vai sendo xa unha feliz realidade.

No deseño dos contidos da colección pensei na extensa e fértil serie de escritores viaxeiros ao longo da historia e que a min faloron de países estraños e fermosos en fermosos libros: Este libro, que segue ao xa publicado de Lois Diéguez, Martínez Oca e por Fernández Naval e Xulio Valcárcel, forma parte dunha colección de viaxes de Edicións A Nosa Terra, unha vella ilusión editorial que, libro a libro, vai sendo xa unha feliz realidade. No deseño dos contidos da colección pensei na extensa e fértil serie de escritores viaxeiros ao longo da historia e que a min faloron de países estraños e fermosos en fermosos libros: si Flaubert me levou ao oriente nunha súa viaxe iniciática e en Exipto e Líbano e Grecia atopa a súa forma literaria cunha correspondencia que lle mudaría o seu xeito de narrar; se Chateaubriand me levou de París a Xerusalén nunha viaxe iniciática de poeta de peregrino como a viaxe interior que era dun romántico e fiquei revivindo imaxes de Grecia eterna baixo o imperio otomano; como Pier Loti a Marrocos ou Kipling ao Xapón; así Egeria na súa viaxe a Terra Santa; así Don Ramón Otero Pedraio, que me levou de Ourense a San Andrés de Teixido como viaxe ao propio centro do ser porque, en palabras súas, non hai contentamento semellante ao que dá a unha alma galega a longa e pura intimidade coa terra e coa xente de Galiza; si Cunqueiro nos levou por toda a Galiza cun seu relatar breve cunha serie xornalística *El viajero en Galicia*.

Quixen, cos meus compañeiros da equipa editorial, facer unha colección de viaxes feitas por escritores e escritoras galegas sobre Galiza, sobre os territorios fundamentalmente da infancia e adolescencia do escritor ou vivenciados de tal xeito vencellados á propia biografía emocional que fosen asumidos como territorios míticos persoais como viaxes ao propio interior, pensamos nun libro de viaxes onde, sobre todo e por riba de todo, primara a literatura, o xeito literario de narrar na descripcion das paisaxes, no relato da historia do patrimonio cultural tan fértil na nosa nación.

Outro dos parámetros foi o de coller unha bisbarra ou comarca ou “Terra de...” e facer con varios concellos un percorrido con entidade cultural e histórica propia: a Terra De Lemos de Lois Diéguez, Ferrolterra de Xavier Alcalá, a Terra do Incio de Marica Campo, as Terras Do Deza de Xavier Navaza, a Terra de Tabeirón de Martínez Oca, a Terra de Monterroso de Xulio Valcárcel, a Terra do Barbanza de Antón Riveiro Coello, etc, etc, porque en definitiva foron terras de unidades territoriais con historias diferenciadas na historia de Galiza porque tamén é un xeito editorial de axudar a conformar os territorios históricos como territorios literarios, como ben nos ten demostrado coa Terra Cha o poeta Manuel María ou o Caurel Uxío Novoneira. Foi intención nosa na equipa editora á hora de lle dar forma ao proxecto editorial tratar con infografía as fotografías neste libro da autoría de Maribel Longueira para lle dar un ar de pintura de acuarela antiga, aportarlle un certo ar de intemporalidade para así sacar a viaxe actual do tempo concreto no que foi feita.

